

DECLARACIÓN EN DEFENSA DA EDUCACIÓN TECNOLÓXICA

A organización sindical CSI-CSIF GALICIA abaixo asinante manifesta que:


A tecnoloxía é un dos piares da nosa cultura e un dos factores clave no progreso e desenvolvemento do país, polo que a educación neste campo resulta hoxe imprescindible para formar a unha cidadanía culta e competente que saiba desenvolverse nun ambiente profundamente tecnolóxico.

O noso sistema educativo, en relación coas directrices europeas, debe procurar un aumento da matriculación nos estudos científicos e tecnolóxicos, especialmente nas mulleres, polo que as áreas de matemáticas, ciencias e tecnoloxía deben ser básicas no currículo obrigatorio e ter un peso considerable no mesmo, tanto para proporcionar unha formación integral a todo o alumnado, como para a estimulación cara os estudos posteriores de carácter científico tecnolóxico.

En relación a isto, defende que na redacción definitiva da futura Lei Orgánica de Educación:

- Se teña en conta que o currículo do sistema educativo debe ser equilibrado e debe atender as necesidades educativas do alumnado. Polo tanto, na súa composición e organización non se deben establecer diferentes categorías de ensinanzas. A cultura xeral básica de calquera persoa que viva no século XXI debe incluír de forma equilibrada e razoable unha formación científica, tecnolóxica, artística e humanística.
- Se manteña o nome actual de Tecnoloxía para a área de estudo da ESO, pois non hai outro nome máis rico e completo que este para unhas ensinanzas que pretenden inculcar unha cultura tecnolóxica básica e global a toda a poboación.
- Se manteña a súa unidade curricular actual e o seu carácter global, como corresponde aos requirimentos pedagóxicos dos niveis de educación obrigatoria.
- Se manteña unha carga horaria para esta área nunca inferior a que se establece na lexislación actual. A redución de materias que se pretende realizar na Educación Secundaria non debe levar consigo unha diminución da formación científico- tecnolóxica básica do alumnado. Na modalidade de Ciencia e Tecnoloxía do Bacharelato debe establecerse con carácter obrigatorio a materia de Tecnoloxía Industrial I e II, así como outras complementarias de carácter tecnolóxico que orienten e estimulen cara os estudos universitarios de enxeñerías e arquitectura, así como aos estudos de Formación Profesional de Grao Superior. Non tería sentido unha modalidade chamada de Ciencia e Tecnoloxía sen que nela se establezan de forma clara e obrigatoria materias que formen ao alumnado no campo da tecnoloxía.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2005



Asdo.: Cristina Rúa Peón
Presidenta do Sector Ensino de CSI-CSIF GALICIA